

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA QUE TIVO LUGAR EN PONTEVEDRA O 24 DE MARZO DE 2022, BAIXO A PRESIDENCIA DE ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Coruña da totalidade da estrada AC-415 e da totalidade do treito da estrada AC-211 que discorre polo concello, xunto co seu dominio público asociado.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente á categoría de persoal estatutario facultativo/a especialista de atención primaria para o ano 2022.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Ruta do Viño Monterrei para a celebración das Xornadas de portas abertas na Ruta do Viño Monterrei, por importe total de oitenta mil cincocentos euros (80.500€) e polo que se autoriza a modificación da porcentaxe sinalada para os pagamentos anticipados, así como eximir da obriga de constituír garantía nos pagamentos anticipados.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Ruta do Viño Valdeorras para a celebración das Xornadas de portas abertas na Ruta do Viño Valdeorras, por importe total de setenta e oito mil euros (78.000€) e polo que se autoriza a modificación da porcentaxe sinalada para os pagamentos anticipados, así como eximir da obriga de constituír garantía nos pagamentos anticipados.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Rutas do Viño do Ribeiro para a celebración das Xornadas de portas abertas na Ruta do Viño do Ribeiro, por importe total de oitenta e dous mil euros (82.000€) e polo que se autoriza a modificación da porcentaxe sinalada para os pagos anticipados, así como eximir da obriga de constituír garantía nos pagos anticipados.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Ruta do Viño da Ribeira Sacra para a celebración das Xornadas de portas abertas na Ruta do Viño da Ribeira Sacra, por importe total de oitenta e dous mil douscentos euros (82.200€) e polo que se autoriza a modificación da porcentaxe sinalada para os pagos anticipados, así como eximir da obriga de constituír garantía nos pagos anticipados.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Asociación Ruta do Viño Rías Baixas para a celebración das Xornadas de portas abertas na Ruta do Viño de Rías Baixas, por importe total de setenta e oito mil euros (78.000€) e polo que se autoriza a modificación da porcentaxe sinalada para os pagos anticipados, así como eximir da obriga de constituír garantía nos pagos anticipados.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición do convenio de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o Concello de Marín para o proxecto de equipamento socio-cultural como xerador de estratexias de promoción turística, por importe total de cinco millóns trescentos oitenta e cinco mil douscentos vinte e nove euros con corenta e cinco céntimos (5.385.229,45€).

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Acordo polo que se declara iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de desenvolvemento dunha planta de elaboración de café de nova xeración, promovido por Cafés Candelas, S.L.

CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade a adquirir compromisos de carácter plurianual ao abeiro do artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Orde pola que se establecen

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para promover a práctica profesional e a formación en competencias brandas das persoas mozas menores de 30 anos mediante contratos formativos - Programa Talento 30-. Importe total: doce millóns douscentos corenta mil seiscentos sesenta e catro euros (12.240.664€).

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Emprego e Igualdade a adquirir compromisos de gasto de carácter plurianual, de conformidade co previsto no artigo 58.1.b) do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, así como a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no Convenio de colaboración entre a Consellería de Emprego e Igualdade e a entidade Cruz Vermella para o desenvolvemento, e execución dun programa de formación e inserción para mulleres vítimas de violencia de xénero ou de trata e explotación sexual con compromiso de contratación. "Plan de recuperación, transformación e resiliencia- financiado pola Unión Europea- Next Generation EU", por importe de cincocentos sesenta mil euros (560.000€).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de medicamentos antirretrovirales para o tratamento de infeccións por VIH para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde cun orzamento de licitación de trinta e sete millóns cento doce mil catrocentos oitenta e oito euros con corenta céntimos (37.112.488,40€) e un valor estimado de cento vinte e oito millóns catrocentos sesenta e seis mil trescentos seis euros (128.466.306€), incluídas as prórrogas e as modificacións.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración sucesiva de anticorpos monoclonales fronte a mediadores/receptores da inflamación de tipo 2 para a súa utilización en patoloxías respiratorias, para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde, cun orzamento de licitación de oito millóns seiscentos dezanove mil trescentos un euros con cincuenta céntimos (8.619.301,50€) e un valor estimado de vinte e nove millóns oitocentos trinta e seis mil corenta e tres euros con sesenta e catro céntimos (29.836.043,64 €) incluídas as prórrogas e as modificacións.
- Acordo polo que se autoriza a contratación da subministración de catro aceleradores lineais de altas prestacións, derivada do Acordo Marco do

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ministerio de Sanidade, financiada pola Unión Europea a través do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia-Next Generation EU, instrumento financeiro do investimento c18.i1. Plan de investimento en equipos de alta tecnoloxía do SNS, do Plan de recuperación, transformación e resiliencia do Goberno de España (exp. 2021/084. lote 1), dous con destino ao Hospital Universitario de Ourense e dous con destino ao novo Hospital Montecelo de Pontevedra, por un importe total de oito millóns novecentos mil setecentos sesenta euros (8.900.760€) (IVE engadido) e un valor estimado do contrato de sete millóns trescentos cincuenta e seis mil euros (7.356.000€) (sen IVE).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Meniños para a execución do programa "Integración Familiar" no ano 2022. Importe: seiscentos cincuenta e cinco mil seiscentos setenta e un euros con vinte e un céntimos (655.671,21€).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Agolada para a xestión do Centro de limpeza e desinfección de vehículos de transporte no sector gandeiro, mediante a concesión dunha axuda, por un importe total de vinte e catro mil euros (24.000€) e para autorización de compromiso plurianual ao que se refire o artigo 58.1.b) do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural á superación do límite da porcentaxe do anticipo na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas á reestruturación e reconversión da viña en Galicia e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento MR446A), por un importe de tres millóns de euros (3.000.000€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E TURISMO

- Informe polo que se da conta da posta a disposición da Fundación Manuel Moldes da planta 8ª do edificio situado na rúa Benito Corbal de Pontevedra.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Informe sobre as axudas concedidas no ano 2021 aos concellos do ámbito territorial da Delegación Territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra.
- Informe de actuacións de fomento para a recuperación do sector turístico e da hostalería da provincia de Pontevedra.
- Informe sobre o Plan Xacobeo Next Generation na provincia de Pontevedra.

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

- Informe sobre os plans de aforro e mellora da eficiencia enerxética para familias e empresas.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre o paquete de medidas que porá en marcha a Xunta para paliar as consecuencias da alza de prezos.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre a Alianza Galega polo Clima.
- Informe sobre vivenda pública e solo residencial na cidade de Pontevedra.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Informe sobre as actuacións da Xunta de Galicia en Pontevedra para fomento da mobilidade sustentable. Fondos Next Generation.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DA CORUÑA DA TOTALIDADE DA ESTRADA AC-415 E DO TREITO DA AC-211 QUE DISCORRE POLO MUNICIPIO

- Transfírense 2,4 km da estrada AC-415 que coincide coa avenida de Fisterra desde a Ronda de Outeiro ata Meicende, no límite municipal con Arteixo; e o treito da AC-211 entre o límite do concello con Culleredo e A Pasaxe (N-VI)
- A entidade local terá competencia para actuar nestas estradas e asumirá a responsabilidade da súa conservación e mantemento
- O decreto aprobado hoxe polo executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade a prol do Concello da Coruña da totalidade da estrada autonómica AC-415 e do treito da AC-211 que discorre integramente polo municipio, xunto co seu dominio público asociado.

A entidade local solicitou á Xunta a transferencia da titularidade dos algo máis de 2,4 quilómetros de lonxitude da AC-415, que coincide coa avenida de Fisterra desde a ronda de Outeiro ata Meicende, no límite municipal con Arteixo; e do treito da estrada AC-211, de 160 metros, entre o límite do concello con Culleredo e A Pasaxe (N-VI).

Trátase de treitos de vías autonómicas cun marcado carácter local e urbano, sen funcionalidade dentro da rede autonómica de estradas de Galicia (RAEGA).

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, de acordo cos informes emitidos polos servizos da Axencia Galega de Infraestruturas, formula a proposta favorable de transferencia da AC-415, que vai do punto quilométrico 0 ao 2+420; e do tramo comprendido entre o punto quilométrico 3+350 ao 3+510, na estrada AC-211.

A transferencia a prol do Concello da Coruña tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.


Co cambio de titularidade aprobado, o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a responsabilidade da súa conservación e mantemento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.


Nas seguinte imaxes amósanse os tramos obxecto de transferencia:



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A CONVOCATORIA DA OPE CON 106 PRAZAS DE MÉDICO ESPECIALISTA PARA ATENCIÓN PRIMARIA

- Galicia é a primeira comunidade autónoma que adopta o sistema selectivo por concurso de méritos para captar facultativos para ese nivel asistencial
- Poderá participar na OPE o persoal residente en formación (MIR), que estea no seu último ano de formación na especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria
- Entre as características das novas prazas destaca a prestación de servizos mixta, na que os profesionais médicos combinarán a actividade nos centros de saúde, coa actividade nos Puntos de Atención Continuada

O Consello da Xunta vén de aprobar a convocatoria da oferta pública de emprego con 106 prazas de médico especialista para o ámbito da atención primaria, co obxectivo de paliar o déficit de facultativos existente neste nivel asistencial.

O proceso de selección desta oferta pública de emprego para a nova categoría de persoal facultativo especialista en atención primaria levarase a cabo a través do sistema de concurso de méritos, de acordo ao carácter extraordinario da situación sanitaria actual. Así, Galicia será a primeira comunidade autónoma en adoptar este sistema selectivo para captar facultativos para este nivel asistencial.

Neste sentido, poderá participar na mesma o persoal residente en formación (MIR), que estea no seu último ano de formación na especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria, e que, previsiblemente, obterá o seu título de especialista no vindeiro mes de maio. Para facilitar a súa participación, establécese con carácter excepcional que os requisitos de titulación podan acreditarse ata o último día do prazo de reclamacións contra a lista provisional de persoas admitidas.

Entre as características das novas prazas destaca a prestación de servizos mixta, na que o persoal médico combinará a actividade nos centros de saúde, coa actividade nos Puntos de Atención Continuada (PAC). Neste sentido, recóllese unha retribución complementaria adicional, e de carácter mensual, de 176,46 euros.

A incorporación de persoal fixo ás institucións sanitarias favorecerá a conformación de equipos estables de traballo, o que redundará nun maior grao de satisfacción por parte dos usuarios do sistema sanitario público galego.

Así, o sistema de selección establecido para esta convocatoria debería posibilitar que nos próximos meses se incrementen dun xeito significativo os efectivos de persoal médico nos centros de saúde da rede do Servizo Galego de Saúde.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Propostas de solución para o déficit de especialistas en Atención Primaria

O déficit de profesionais especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria é un problema que está a sufrir o conxunto dos servizos de saúde autonómicos de toda España. A Xunta leva anos cubrindo o 100% das prazas formativas que o Ministerio de Sanidade ten acreditadas en Galicia na especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria pero non é suficiente para cubrir todas as vacantes.

Este déficit de especialistas en medicina de familia está contrastado nun recente informe publicado polo ministerio, que sitúa a esta como a especialidade con peor pronóstico nos vindeiros anos, mais xa fora diagnosticado no Consello Interterritorial de Sanidade de abril de 2018, onde se aprobaran varios acordos unánimes para actuar neste eido que seguen pendentes de cumprimento.

Un deses acordos de abril de 2018 era a revisión normativa para flexibilizar os requisitos de acreditación de prazas desta especialidade, mais non foi ata outubro de 2021 que o Goberno de España iniciou o proceso de renovación desta normativa. Desde a máxima lealdade, a Xunta de Galicia trasladou dentro dese proceso un total de 20 propostas de mellora ao Goberno central, co fin de atopar solucións a esta falla de médicos.

Entre elas, que non se estableza un mínimo de profesionais por centro para ser acreditado, xa que isto prexudica a comunidades como a galega, con centros que atenden a cupos pequenos; adaptar os excesivos criterios de acreditación vixentes para poder incrementar as prazas de formación actuais en Medicina Familiar e Comunitaria; incrementar o tempo de formación dos residentes desta especialidade nos dispositivos de atención primaria; ou suxerir a necesidade de que os residentes adquiren unha autonomía progresiva no seu desempeño e que, no cuarto ano de formación, sexan capaces de participar de xeito activo e facerse cargo, de forma autónoma e completa, dunha consulta de medicina de familia.

Ata a data, o Ministerio de Sanidade aínda non respondeu ás propostas da Xunta, e continúa sen publicar o borrador dunha nova orde que resulta urxente para poder facilitar a formación de novos médicos de familia.

Mais aínda coas dificultades do sistema de acreditación vixente, en novembro de 2021, a Xunta remitiulle ao Ministerio de Sanidade toda a documentación precisa para solicitar a acreditación de 64 novas prazas de formación de medicina de familia para atención primaria, pasando de 142 a 206, o que supón un incremento do 45%. O goberno galego reclamou a inclusión destas novas prazas na convocatoria MIR deste ano 2022 pero o Goberno de España, que segue sen resolver o proceso de acreditación da meirande parte delas, non accedeu a facelo, o que atrasará un ano a incorporación destes profesionais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Máis alá da incorporación destas 64 prazas a da revisión do sistema de acreditación a Xunta ten solicitado en reiteradas ocasións a necesidade, como medida de choque, de proceder a unha convocatoria extraordinaria de máis prazas MIR de medicina familiar e comunitaria, sen resposta por parte do ministerio.

Outra das propostas máis reiteradas desde o Executivo galego é a necesidade de crear unha especialidade propia para o persoal de Medicina de urxencias e emerxencias. Unha medida que tería un importante impacto na atención primaria pois, na actualidade, o persoal que se forma para exercer en urxencias ocupa prazas formativas de medicina familiar e comunitaria que, doutro modo, serían reservadas para nutrir a atención primaria. A pesar de ter trasladado ao Goberno de España un acordo unánime do Parlamento de Galicia no que se solicitaba a tramitación urxente da creación desta especialidade, o Ministerio respondeu negándose a axilizar ese trámite e remitindo a eventual creación dunha especialidade de urxencias á súa tramitación ao abeiro dun novo decreto de especialidades formativas que segue aínda pendente de aprobación.

Pola súa banda, dentro das súas competencias, a Xunta de Galicia tamén está a abordar medidas de reorganización para a atención primaria, co obxectivo de optimizar este nivel asistencial e o traballo do persoal médico existente.

Así, implantou as axendas de calidade do persoal médico e de enfermería; vén de pór en marcha os primeiros 14 plans de saúde locais, que buscan dotar de maior autonomía aos centros; e incluíu na Lei de medidas para 2022 a habilitación da contratación de persoal técnico de saúde (licenciados ou graduados en medicina sen especialidade) para o desenvolvemento de funcións de apoio sanitario

Ademais, nos acordos de xestión do Servizo Galego de Saúde coas áreas sanitarias para o ano 2022, tamén estableceu o obxectivo de implantar no 90% dos servizos de atención primaria o sistema XIDE, co que dará resposta nun tempo determinado a un motivo de consulta sen ter que pasar sempre polo persoal médico.

Finalmente, a Xunta de Galicia está a traballar na parte que lle corresponde da mellora do sistema de formación especializada, reforzando o papel dos titores, coa elaboración do primeiro Decreto de ordenación do sistema de formación sanitaria especializada en Galicia, coa que se pretende regular, homoxeneizar e incentivar o labor docente na formación dos especialistas médicos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA 390.000€ AOS CONVENIOS PARA COLABORAR COA ORGANIZACIÓN E PROMOCIÓN DAS XORNADAS DE PORTAS ABERTAS NAS RUTAS DO VIÑO DE GALICIA

- O Consello da Xunta aprobou os convenios de colaboración coas Asociacións das Rutas do Viño de Monterrei, Rías Baixas, Valdeorras, Ribeiro e Rías Baixas que abarcan os territorios das 5 Denominacións de Orixe do viño
- Os acordos terán vixencia ata 2025 e supoñen un aumento de case un 70% respecto a contía dos convenios anteriores para o período 2018-2021
- A colaboración da Xunta coas asociacións das rutas do viño na celebración do evento contribuirá á promoción do turismo galego e, en concreto, do enoturismo

O Consello da Xunta aprobou hoxe os acordos entre o Goberno galego e as Asociacións das Rutas do Viño de Monterrei, Rías Baixas, Valdeorras, Ribeiro e Ribeira Sacra para a celebración das Xornadas de Portas Abertas nas Rutas do Viño de Galicia nos territorios que abarcan estas 5 Denominacións de Orixe do viño na comunidade.

Os 5 acordos aprobados suman unha achega de 390.000 euros por parte da Xunta - 78.000 euros cada un deles- por catro anualidades ata 2025, o que supón un incremento de case un 70% respecto aos 230.000 euros dos convenios anteriores para o período 2018-2021.

Esta colaboración entre a Xunta e as asociacións das Rutas do Viño permitirá levar a cabo as actividades programadas por cada entidade no marco da celebración das Xornadas de Portas Abertas nas Rutas do Viños de Galicia, considerada unha iniciativa de relevancia para a divulgación da oferta turística galega vinculada ao enoturismo. Ademais, a promoción deste evento contribúe ao desenvolvemento turístico de Galicia e ao impulso da reactivación económica do sector.

A través destes convenios, a Xunta sumarase á organización e á promoción dunha celebración consolidada que ofrece cada ano unha ampla programación destinada a descubrir os territorios vitivinícolas da comunidade galega con visitas ás bodegas participantes, degustacións nos restaurantes do programa, ademais de que os usuarios poidan aloxarse nos establecementos turísticos asociados. Entre as medidas financiadas inclúense as actividades especiais deseñadas para a ocasión como o servizo do bus do viño para as visitas guiadas a bodegas a lugares de interese, así como catas ou degustacións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O enoturismo supón un elemento clave na desestacionalización do turismo galego con experiencias personalizadas que permiten descubrir o interior galego baixo a marca paraugas Enoturismo Galicia, amparada polo Goberno galego. Trátase, ademais, dun dos produtos turísticos que axuda a diferenciar e desestacionalizar a oferta turística da comunidade e promover Galicia como un destino seguro e de calidade.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COLABORA CO CONCELLO DE MARÍN PARA IMPULSAR ESTRATEXIAS DE PROMOCIÓN TURÍSTICA NO NOVO CENTRO SOCIO-CULTURAL

- O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio para a posta en marcha no auditorio dun espazo turístico que dará a coñecer as diferentes propostas que promove o concello
- O edificio propónse como un barrio no que se poidan levar a cabo actividades sociais e socioculturais. A súa configuración polivalente abre un amplo abano de posibilidades de promoción turística

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Marín para a realización do proxecto de equipamento socio-cultural como xerador de estratexias de promoción turística no novo centro socio-cultural, por importe de 500. 000 euros.

O pasado ano o Goberno galego asinou un convenio co concello de Marín para levar a cabo a execución dun centro socio cultural que contará cunha sala de usos múltiples para actuacións de diferente tipoloxía e catro aulas que completarán o programa de centro, que agora se complementa con este proxecto para impulsar estratexias turísticas e culturais.

A retroalimentación dos sectores turístico e cultural implica que este novo edificio socio-cultural, sexa enriquecido como soporte de promoción turística, xa que se completará cun espazo que dará a coñecer as diferentes propostas de carácter turístico que promove o concello.

O edificio propónse como un barrio no que se poidan levar a cabo reunións e todas as actividades sociais e socioculturais. A súa configuración polivalente outórgalle a versatilidade precisa para garantir unha flexibilidade de usos que abre un abanico de posibilidades de promoción turística.

O edificio está capacitado para albergar múltiples eventos de carácter turístico, como exposicións tanto no interior coma ao aire libre nas que promocionan produtos e actividades propias; eventos multimedia de promoción turística; congresos e seminarios de proxección do concello, así como feiras de mostras.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DECLARA INICIATIVA EMPRESARIAL PRIORITARIA A NOVA PLANTA DE CAFÉS CANDELAS NA QUE A COMPAÑÍA INVESTIRÁ EN LUGO MÁIS DE 14M€ PARA INCREMENTAR A SÚA PRODUTIVIDADE

- O proxecto inclúe a creación dun centro I+D+i para o desenvolvemento de novos produtos con base de café e impulsará tamén a xeración de 40 novos postos de traballo indefinidos, dos que o 40% corresponderán a mulleres, e 80 empregos indirectos
- A futura infraestrutura, prevista no polígono industrial das Gándaras, permitirá multiplicar case por tres o ritmo de produción, contribuíndo á súa internacionalización mediante o incremento das exportacións a novos mercados
- O sistema produtivo adaptarase a tecnoloxías propias da Industria 4.0 en ámbitos como o almacenamento da materia prima ou o automatizado da embalaxe, e primaranse formatos sustentables nos que se priorice o ecodeseño, a reciclaxe, a valorización de residuos, o uso de enerxías renovables e a loxística eficiente
- A declaración enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa, potenciando a captación de investimentos, o emprego de calidade, e reducindo á metade os prazos de tramitación ao mesmo tempo que se manteñen todas as garantías xurídicas
- Con esta son 12 as iniciativas que se adheriron a esta figura en Galicia e que suman mobilización global de preto de 560 millóns de euros e máis de 530 empregos

O Consello da Xunta declarou hoxe como iniciativa empresarial prioritaria o proxecto de Cafés Candelas para a construción dunha nova planta no polígono industrial das Gándaras (Lugo). Con esta iniciativa, a compañía ten previsto investir máis de 14 millóns de euros na procura de mellorar a súa produtividade.

Neste sentido, cómpre destacar que a futura infraestrutura -localizada nunha parcela de preto de 18.000m² na que se construírá unha nave de 9.900m²-, permitirá multiplicar case por tres a capacidade produtiva da empresa, pasando das 25 toneladas diarias que se elaboran na actualidade ás 65 previstas coa nova planta.

Este fito contribuirá á internacionalización da compañía mediante o incremento das exportacións, sobre todo a mercados da Unión Europea, o que complementa e reforza a súa xa importante presenza internacional, con delegacións en Porto, Andorra e Nova Iorque.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Así mesmo, o sistema produtivo adaptarase a tecnoloxías propias da Industria 4.0 en ámbitos como o almacenamento da materia prima ou o automatizado da embalaxe, e primaranse tamén formatos sustentables priorizando o ecodeseño, a reciclaxe, a valorización de residuos, o uso de enerxías renovables e a loxística eficiente.

O proxecto -que inclúe a creación dun centro I+D+i para o desenvolvemento de novos produtos con base de café-, impulsará tamén o emprego con 40 novos postos de traballo indefinidos, dos que o 40% corresponderán a mulleres, e 80 empregos indirectos.

Esta declaración -aprobada no Consello da Xunta por petición do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), dependente da Vicepresidencia Segunda- enmárcase dentro da filosofía da Lei de simplificación administrativa que supón, na práctica, a redución á metade dos prazos de tramitación para levar a cabo un proxecto, ratificando igualmente todas as garantías xurídicas durante o procedemento. Así, poténciase a captación de investimentos para Galicia e a creación de emprego de calidade.

O proxecto súmase ás once iniciativas empresariais prioritarias xa declaradas como, por exemplo, as lideradas na provincia de Lugo por Oviganic (Monforte de Lemos), Bionerxías de Lugo ou Agroamb Prodalt (Castro de Rei).

Neste marco, os investimentos totais programados polas empresas roldan os 560M€ e o compromiso de xerar máis de 530 postos de traballo. Polo tanto, esta figura busca potenciar novas oportunidades empresariais e laborais en Galicia con máis simplificación administrativa; máis incentivos fiscais ás empresas; e máis facilidades para acceder ao solo empresarial.

A declaración de proxectos empresariais como prioritarios implica tamén a concorrencia de razóns de interese público para tramitar de maneira urxente os procedementos administrativos, así como o seguimento e impulso dos trámites posteriores necesarios a través da Oficina *Doing Business*, creada pola Xunta de Galicia para contribuír á eliminación de obstáculos e barreiras á actividade empresarial.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PROGRAMA TALENTO 30 PROMOVERÁ CONTRATOS DE FORMACIÓN EN EMPRESAS PARA MOZOS DESEMPREGADOS CON INCENTIVOS DE ATA 20.000 € POR PERSOA CONTRATADA

- A iniciativa, dotada con 12 M€, insírese no Plan emprego xuventude ao que a Xunta destina este 2022 preto de 52 millóns para dinamizar a contratación xuvenil
- O obxectivo consiste en ofrecer a persoas mozas desempregadas a oportunidade de acceder a contratos de formación e recibir cualificación en competencias brandas
- Prevense axudas a mozas e mozos con titulación ou sen cualificación acreditable
- Con esta nova liña de incentivos estímase incorporar entre 600 e 900 xoves

A Xunta incentivará a contratación de menores de 30 anos sen emprego por parte de empresas, persoas traballadoras autónomas, sociedades civís e comunidades de bens con contías que irán entre os 13.575€ e os 20.225€ por persoa. O Consello aprobou hoxe un novo programa de axudas, o Talento 30, co que a Consellería de Emprego e Igualdade quere mellorar a empregabilidade deste colectivo prioritario nas súas políticas e, de paso, reter o talento xuvenil na comunidade.

O programa conta cun orzamento de 12,2 millóns de euros para os anos 22 e 23, que se destinarán a apoiar a empregabilidade da mocidade mediante contratos formativos de doce meses de duración.

Talento 30 é tamén un programa mixto, que, ademais de impulsar con apoios económicos a contratación a tempo completo, ofrece formación de 80 horas aos seus beneficiarios en competencias brandas, unha combinación de habilidades sociais e de comunicación, actitudes, intelixencia social e emocional, hoxe moi demandadas polo mercado laboral.

Con esta medida, a Xunta está a contribuír a reter o talento mozo en Galicia e a apoiar un dos colectivos prioritarios nas súas políticas activas de emprego, ao facilitar ás persoas desempregadas de menor idade un período de práctica profesional acompañada dun proceso de formación para o emprego, abrindo camiño á súa inserción laboral; xa que, unha vez rematado o proceso, contarán coas competencias para poder acceder a un emprego estable.

A Xunta quere atender as necesidades específicas de emprego neste tramo de idade de menores de 30 anos. Así, artellou dúas liñas de axuda: a primeira, Talento 30 en prácticas, para contratos subscritos a mozas e mozos con titulación ou certificación

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

profesional; e a segunda, Talento 30 Formación en alternancia, para brindar unha oportunidade tamén ás rapazas e rapaces que carezan de cualificación profesional recoñecida.

En ambos os dous casos, os contratos formativos que se concerten deben ir dirixidos á persoas mozas menores de 30 anos que residan na Comunidade Autónoma de Galicia e que se atopen en situación de desemprego e inscritas no Servizo Público de Emprego.

A Xunta pretende chegar con este programa a entre 600 e 900 persoas mozas desempregadas, algo que dependerá do grupo de cotización a que pertencen cada unha delas. Coas axudas dáse cobertura aos custos salariais dos postos, con contías que van dos 13.575 euros ata un máximo de 20.225 segundo ese criterio.

O programa forma parte do Plan emprego xuventude, unha firme aposta da Xunta de Galicia polo emprego xuvenil, dotado con 51,8 millóns de euros, e con políticas de emprego deseñadas especificamente para este sector de poboación. No marco del, ademais desta iniciativa novidosa, enmárcanse outras dúas xa convocadas como o programa Primeira experiencia profesional nas administracións (11,2M€), e o Investigo (13,1 millóns de euros), cos que se pretende brindar unha primeira oportunidade laboral aos máis novos e impulsar as vocacións científicas.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

XUNTA E CRUZ VERMELLA COLABORARÁN NUN PROGRAMA DIRIXIDO Á FORMACIÓN E CONTRATACIÓN DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO, TRATA E EXPLOTACIÓN SEXUAL

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura deste convenio, dotado con 560.000 euros, que se financiará a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia
- A iniciativa inclúe axudas directas pola participación no programa de entre 500 e 960 euros mensuais
- A cualificación que se imparte terá que estar axustada ás ofertas de traballo
- O obxectivo do Goberno galego con esta actuación é apoiar ás vítimas para que acaden unha maior autonomía a través da realización duns itinerarios personalizados de integración social e laboral, dotándoas de confianza e autoestima

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta e Cruz Vermella para a posta en marcha dun programa de formación con compromiso de contratación dirixido a vítimas de violencia de xénero, de trata e/ou de explotación sexual. En total, investiranse 560.000 euros neste programa que se financia a través do Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Son fondos, polo tanto, do instrumento financeiro Next Generation EU de apoio á recuperación económica tras a pandemia.

Trátase dunha nova iniciativa que ten por obxectivo a inserción laboral no mercado de traballo do maior número de participantes e por un mínimo de seis meses. A formación que se imparta ten que estar adaptada á oferta laboral, desenvolvéndose actuacións que permitan as participantes adquirir habilidades, recursos e ferramentas necesarias para incrementar as súas oportunidades laborais, pero tamén para superar as secuelas do maltrato e acadar, deste xeito, unha autonomía e unha integración social.

Cruz Vermella será a encargada de seleccionar as participantes e, para iso, poderá establecer liñas de colaboración e contactar coas oficinas de emprego, así como cos Centros de Información á Muller (CIM), cos centros da Rede Galega de Acollemento, co Centro de Recuperación Integral para Mulleres que sofren violencia de xénero e coas entidades da Rede Galega contra a trata e con calquera outro servizo público que traballe no ámbito da violencia de xénero.

O programa inclúe, pola participación no programa, axudas directas de entre 500 e 960 euros mensuais, por un período máximo de seis meses. A contía variará segundo a

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

formación que se realice que será, como máximo, de 624 horas nun período máximo de seis meses.

A iniciativa, en concreto, recolle unha parte formativa que inclúe a posta en marcha dos itinerarios personalizados de inserción social e laboral, consistentes nunha cualificación que abrangue, entre outros, a realización dunha diagnose de empregabilidade e elaboración dun perfil profesional; o desenvolvemento de ferramentas de recuperación e motivación persoal; e obradoiros de alfabetización dixital e busca de emprego.

Nesta fase tamén se inclúen as accións formativas necesarias e vinculadas sempre ás ofertas de traballo que existen na actualidade. Paralelamente, levarase a cabo unha prospección empresarial, identificando as oportunidades de emprego máis vantaxosas para as participantes desenvolvendo os contactos necesarios coas empresas para sensibilizar e informar do programa. Por último, promoverase a inserción laboral das mulleres.

O convenio reflicte que, cando menos, 23 das mulleres participantes deben completar o itinerario de inserción social e laboral e, cando menos, 14 deben alcanzar a condición de inseridas, é dicir, que teñan un contrato de traballo, cunha duración mínima de 6 meses, e subscrito dentro dos 6 meses inmediatamente posteriores á finalización do Itinerario de inserción social e laboral. A duración de cada itinerario fixarase en función das necesidades de cada muller, do seu nivel de empregabilidade, do seu proceso de recuperación e da intensidade da súa cronificación.

Requisitos

Para participar no programa, as mulleres terán que estar en situación de desemprego e inscritas como demandantes no Servizo Público de Emprego de Galicia; ter cesado a convivencia co agresor ou coa persoa coa que mantivese sobre ela unha relación de dominación; estar empadroada e ter residencia efectiva na Comunidade Autónoma de Galicia e, no caso das mulleres estranxeiras, ter permiso de residencia; e acreditar a situación de violencia a través de calquera das formas previstas no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Esta iniciativa busca, polo tanto, apoiar as vítimas de violencia de xénero a que acaden unha maior autonomía a o empoderamento a través da realización duns itinerarios personalizados de integración social e laboral. Preténdese dotar as mulleres de confianza e autoestima e pola súa vez darlles unha formación axeitada ao que o

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

mercado de traballo solicita para que consigan unha inserción laboral estable, con fin último de lograr a súa plena integración na vida económica e social.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 37 MILLÓNS DE EUROS Á COMPRA DE MEDICAMENTOS ANTIRRETROVIRAIS PARA O TRATAMENTO DE INFECCIÓN POR VIH

- Na actualidade, o número de pacientes en tratamento activo supera os 5.700
- A Consellería de Sanidade destina, desde o ano 2009, máis de 50 millóns de euros anuais na atención de pacientes galegos infectados polo VIH, dos cales o 60% son gastos en fármacos antirretrovirais
- Ademais, a Xunta de Galicia vén de autorizar a contratación da subministración sucesiva de anticorpos monoclonais para a súa utilización en patoloxías respiratorias e dermatolóxicas, por un importe de máis de 8,6 millóns de euros, para o período 2022-2023

A Xunta de Galicia vén de autorizar a contratación da subministración sucesiva de medicamentos antirretrovirais para o tratamento de infección por VIH para os centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde nos anos 2022-2023, cun presuposto de licitación de 37.112.488 euros. Sinalar que os tratamentos antirretrovirais lograron reducir a morbilidade e a transmisión da infección por VIH froito da investigación e o desenvolvemento clínico experimentado nos últimos anos.

Os obxectivos destes tratamentos son conseguir a máxima e duradeira supresión da carga viral plasmática; restablecer e preservar a función inmunolóxica; reducir a morbilidade asociada á replicación do VIH e o seu efecto sobre outras comorbilidades; e, ademais, aumentar a supervivencia e prever a transmisión do VIH.

Cómpre remarcar que, na actualidade, no Servizo Galego de Saúde o número de pacientes en tratamento activo supera os 5.700, cun custo medio por tratamento anual ao redor dos 5.600 euros. Máis do 90% destes pacientes atópanse a tratamento con algunha dos medicamentos obxecto desta contratación.

A Consellería de Sanidade destina, desde o ano 2009, máis de 50 millóns de euros anuais na atención de pacientes galegos infectados polo VIH, dos cales o 60% son gastos en fármacos antirretrovirais.

Tendencia á diminución

Os indicadores máis destacados dos datos da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade reflicten que, no período 2004-2020, hai unha incidencia de infección polo VIH de 6,5 casos por 100.000 habitantes, o que sitúa a Galicia por baixo da incidencia anual española, que é de 10 infeccións. Nos últimos oito anos estase a apreciar unha tendencia á diminución da incidencia do VIH en Galicia, pasando de 225

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

casos en 2012 a 105 en 2020, situándose sempre por baixo dos 7 casos ao ano por 100.000 habitantes (3,9 casos ano en 2020), e moi inferior a do ano 2019 en España, último dato dispoñible, que foi de 6,9 casos.

Máis de 8,6 millóns para tratamentos de patoloxías respiratorias

Así mesmo, no consello desta semana, a Xunta de Galicia vén de autorizar a contratación da subministración sucesiva de anticorpos monoclonais fronte a medidores/receptores da inflamación de tipo 2 para a súa utilización en patoloxías respiratorias, como a asma alérxica grave, e dermatolóxicas, como a dermatite atópica grave con compoñente inflamatorio, en todos os centros hospitalarios do Sergas, cun presuposto de licitación de 8.619.301 euros, para o período 2022-2023.

Sinalar que, na actualidade, no Servizo Galego de Saúde o número de pacientes a tratamento activo supera os 570.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 9 MILLÓNS DE EUROS PARA A ADQUISICIÓN DE CATRO ACELERADORES LINEAIS DE ALTAS PRESTACIÓNS

- Dous destes equipamentos van para o novo Hospital de Montecelo, en Pontevedra, e os outros dous para o Hospital Universitario de Ourense
- No caso de Pontevedra esta adquisición tecnolóxica evitará o desprazamento dos doentes cara á outras áreas sanitarias, máis de 600 ao ano
- Os orzamentos da Xunta para 2022 destinan preto de 9 millóns de euros en equipamento para o Hospital de Pontevedra

O consello da Xunta de Galicia autorizou esta mañá a adquisición de catro aceleradores lineais de altas prestacións, dous deles con destino ao Hospital de Pontevedra e os outros dous para o Hospital Universitario de Ourense. O importe total desta compra ascende a un total de 8.900.760 euros.

Os aceleradores de Pontevedra irán destinados ao servizo de Radioterapia do novo Hospital de Montecelo, que ata o de agora non dispoñían deste equipamento. Con adquisición, evitarase o desprazamento dos doentes que tiñan que recibir tratamento con esta tecnoloxía á outras áreas sanitarias, tal e como veñen facendo ata o de agora. Os dous aceleradores dispoñen dunha capacidade de tratamento superior aos 1.000 pacientes anuais, o que que cubriría amplamente tanto as necesidades asistenciais actuais, cifradas en máis de 600 pacientes anuais, así como os incrementos que se van a producir no futuro, segundo os ratios da OMS e da Sociedade Española de Oncoloxía Médica.

En canto aos dos equipos para o Hospital Universitario de Ourense van substituír por obsolescencia tecnolóxica, os existentes na actualidade. Incluirán a tecnoloxía necesaria para cubrir as necesidades asistenciais do servizo de Oncoloxía Radioterápica de Ourense para os próximos 10 anos, mantendo as prestacións asistenciais actuais, e garanten a continuidade dos procesos e protocolos establecidos durante os últimos anos. Aumentan así o alcance e a dispoñibilidade da técnica máis avanzada nestes tratamentos ao total dos pacientes que recibe o Servizo.

Estas novas técnicas baséanse no hipofraccionamento e no uso de haces con taxas de doses máis elevadas, polo que as necesidades á hora de garantir a posición correcta do paciente en cada sesión de tratamento son máis esixentes. Para satisfacer esta necesidade asistencial, o servizo de Oncoloxía Radioterápica debe dotarse de dous aceleradores lineais idénticos que permitan unha xestión flexible dos pacientes nas dúas salas de tratamento.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A adquisición destes catro aceleradores lineais enmárcase no Plan INVEAT, un instrumento creado polo Ministerio de Sanidade para canalizar os fondos Next Generation cara á renovación e ampliación dos equipamentos de diagnóstico por imaxe no Sistema nacional de saúde. O seu obxectivo principal é incrementar a supervivencia global e a calidade de vida das persoas mediante o diagnóstico de enfermidades en estadios temperáns, posibilitando a intervención terapéutica rápida, con especial atención ás patoloxías de maior impacto sanitario, presente e futuro, do Sistema nacional de saúde: enfermidades crónicas, enfermidades oncolóxicas, enfermidades raras e enfermidades neurolóxicas. Todo iso, consolidando a equidade no acceso á alta tecnoloxía e mellorando a calidade asistencial e a seguridade de pacientes e profesionais.

Renovación tecnolóxica no Hospital de Pontevedra

Os orzamentos da Xunta para o 2022 suporán un investimento de máis de 90 millóns de euros en tecnoloxía e equipamento sanitario para os centros da rede sanitaria pública galega, continuando o investimento de máis de 60 millóns dos orzamentos de 2021.

Así, no 2021, o Hospital de Pontevedra incorporou dous equipos radiocirúrxicos por valor de máis de 180.000 euros e un dos 7 novos equipos DaVinci de cirurxía robótica que se incorporaron á sanidade pública galega tras un investimento de 20,5 millóns de euros, e que xa permitiron realizar coa máxima precisión intervencións de uroloxía, cirurxía xeral e dixestiva, xinecoloxía e otorrinolaringoloxía.

Ademais, xa están resoltas as adxudicacións dos contratos que permitirán incorporar catro novos ecógrafos para o servizo de radiodiagnóstico do hospital de Pontevedra e outro para o seu servizo de urxencias, o que supón un investimento de 470.000 euros.

En canto aos orzamentos da Xunta para 2022 en tecnoloxía sanitaria, posibilitarán incorporar, para o Hospital de Pontevedra, a renovación de dous TAC, a renovación dunha resonancia magnética, un novo TAC de planificación, unha nova sala de hemodinámica e unha nova gammacámara, ademais dos dous mencionados aceleradores lineais.

En total, un investimento en equipamento neste 2022 para o hospital de Pontevedra de 8,8 millóns de euros.

Xa con anterioridade, a través do socio tecnolóxico do Servizo Galego de Saúde, a cidade de Pontevedra incorporou en 2015 e 2016 dous mamógrafos (para Montecelo e o centro

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de saúde da Parda), tres salas dixitais de radioloxía (Montecelo, Hospital Provincial e centro de saúde Virxe Peregrina), unha sala de radioloxía vascular intervencionista no Montecelo e a correspondente evolución tecnolóxica e actualización de dúas salas de radioloxía e dunha resonancia magnética. En 2018 incorporouse unha nova resonancia magnética, que requiriu unha obra de instalación que rematou en novembro de 2019.

O investimento total en equipamento e obra asociada na cidade de Pontevedra relacionada co socio tecnolóxico foi de 3,1 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONSOLIDA OS 650.000 EUROS QUE ACHEGA AO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN FAMILIAR QUE DESENVOLVE A FUNDACIÓN MENIÑOS

- Esta contía supón un 56% máis do que se destinaba a este fin ao inicio da anterior lexislatura
- A través desta iniciativa actúase nos fogares con menores vulnerables en tres dimensións: reunificación, preservación e funcionalidade do entorno familiar

O Consello da Xunta de hoxe autorizou o convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Fundación Meniños para dar continuidade ao Programa de integración familiar, cun investimento de máis de 650.000 euros. Esta contía supón consolidar os fondos destinados en 2021 e un 56% máis do que se destinaba a este fin ao inicio da pasada lexislatura.

A través deste programa, que o Goberno galego sostén en solitario desde que no ano 2018 o Executivo central deixou de achegar financiamento, actúase nos fogares con menores vulnerables en tres dimensións: reunificación, preservación e funcionalidade do entorno familiar. O ano pasado, o Programa de integración familiar atendeu 300 menores no seo dunhas 200 familias.

Así, por medio da reunificación familiar búscase facilitar o retorno á casa dos menores que están a residir en centros de acollida. Pola súa banda, coa preservación familiar actúase nun eido preventivo, evitando a separación do neno da súa contorna; e na área de funcionalidade familiar trabállase para evitar a deterioración da convivencia no fogar, como paso previo ás anteriores dúas fases.

Terapia e educación familiar

Para conseguir estes obxectivos empréganse tres ferramentas fundamentais. Unha delas é a intervención psicosocial, para mellorar o funcionamento persoal e familiar. Outra ferramenta é a terapia familiar, para resolver problemas psicolóxicos, de relacións ou de conduta das persoas encargadas de protexer os nenos; e unha terceira é a educación familiar, que persegue que os fogares adquiran as habilidades e hábitos necesarios para atender axeitadamente os nenos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVISTE 24.000 EUROS PARA XESTIONAR O CENTRO DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN DE VEHÍCULOS DE TRANSPORTE NO SECTOR GANDEIRO NO CONCELLO DE AGOLADA

- O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural a subscribir un convenio de colaboración con este municipio para financiar parcialmente o custo da xestión deste centro
- Este concello será o encargado de contratar o persoal necesario para a prestación do servizo, establecer as tarifas que van satisfacer os usuarios, efectuará o mantemento das instalacións e expedirá o certificado pertinente tras a realización da limpeza e desinfección

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o concello de Agolada para a xestión do seu centro de limpeza e desinfección de vehículos de transporte no sector gandeiro. O obxectivo deste convenio é establecer as condicións de xestión para a súa explotación, conservación e mantemento por parte do mencionado municipio.

A normativa de sanidade animal establece a obriga xeral de limpeza e desinfección de todos os vehículos ou medios empregados no transporte dos animais de produción, unha vez realizada a descarga no centro de limpeza e desinfección máis próximo habilitado. Este centro deberá expedir un certificado do traballo realizado. Neste senso, resulta imprescindible a promoción das actividades destes centros, co obxecto de asegurar o establecementos de medidas preventivas en materia de sanidade animal.

A través deste convenio, o concello de Agolada será o encargado de contratar o persoal necesario para a prestación do servizo, establecer as tarifas a satisfacer polos usuarios, efectuará o mantemento das instalacións e expedirá o certificado pertinente trala realización da limpeza e desinfección.

Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural achegará ao concello o importe definido en concepto de contraprestación pola realización de labores de apoio ao mantemento dos estándares de sanidade animal. Así mesmo, facilitará o asesoramento técnico preciso para que o concello poida mellorar as condicións do servizo. Neste sentido, o departamento autonómico financiará parcialmente o custo da xestión deste centro, sendo a achega total de 24.000 euros, a razón de 6.000 euros para os anos 2022, 2023, 2024 e 2025.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, cabe lembrar que o pasado mes de decembro a Consellería do Medio Rural subscribira outros dous convenios de colaboración cos concellos de Lourenzá e de Xinzo de Limia para a xestión dos seus centros de limpeza e desinfección de vehículos de transporte no sector gandeiro, tamén por importe de 24.000 euros cada un deles.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ 3 MILLÓNS DE EUROS Á REESTRUTURACIÓN E RECONVERSIÓN DE VIÑEDOS DEICA O ANO 2024 CO OBTXETIVO DE INCREMENTAR A PROFESIONALIZACIÓN DO SECTOR

- O Consello da Xunta autorizou hoxe esta orde de axudas da Consellería do Medio Rural, que se publicará proximamente no *Diario Oficial de Galicia*
- Subvencionarase a reimplantación de viñas, a reconversión varietal e a mellora das técnicas de xestión de viñas
- O obxectivo é aumentar a competitividade dos viticultores mediante unha redución de custos, unha mellora dos sistemas de produción sustentables e unha maior orientación aos diferentes mercados, ao tempo que se promove a remuda xeracional

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto e prace á nova orde de axudas da Consellería do Medio Rural para os plans de reestruturación e reconversión da viña en Galicia, que contará cun orzamento de 3 millóns de euros para os anos 2022, 2023 e 2024.

O obxecto desta liña de achegas é aumentar a competitividade dos produtores vitivinícolas, mellorar os sistemas de produción sustentables e a pegada ambiental deste sector produtivo. Así, preténdese diminuír os custos das explotacións e apostar polo seu redimensionamento ao levar a cabo reaxustes estruturais. Tamén se fomenta a adaptación das variedades ás demandas do consumidor, ao tempo que se preservan as viníferas autóctonas galegas, de menores rendementos e elevada calidade diferenciada, aproveitando así a gran vantaxe competitiva que supón a súa diferenciación no mercado.

Deste xeito, a través destas achegas aumenta o grao de profesionalización do sector vitícola galego, ao tempo que se potencia a remuda xeracional e un desenvolvemento rural socialmente viable facilitando o acceso ás explotacións de persoas viticultoras mozas e capacitadas, en particular das mulleres viticultoras de Galicia.

Poderán beneficiarse destas axudas as persoas viticultoras inscritas no Rexistro Vitícola cuxas viñas se destinen á produción de uva para vinificación, cunha superficie máxima subvencionable de 10 hectáreas por persoa viticultora e ano. Estas achegas aplicaranse ás superficies vitícolas onde se leven a cabo operacións de reimplantación de viñas, reconversión varietal e/ou melloras das técnicas de xestión das viñas.

Cabe recordar que cada viticultor deberá seleccionar o seu propio calendario de execución, escollendo entre unha execución anual ou bienal. Os beneficiarios poderán

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

solicitar anticipos de ata un 80% da axuda aprobada, no caso de que precisen efectuar pagamentos inmediatos dado o investimento proxectado, sempre e cando constitúan unha garantía por un importe cando menos igual ao do pagamento anticipado.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PON Á DISPOSICIÓN DA FUNDACIÓN MANUEL MOLDES A OITAVA PLANTA DO EDIFICIO DE BENITO CORBAL EN PONTEVEDRA

- Foi totalmente acondicionada cunha reforma estrutural para poder albergar os cadros de Manuel Moldes que, polas súas grandes dimensións, exixen dispoñer dun espazo con altura maior que a ordinaria das plantas do edificio
- A rehabilitación do edificio da rúa Benito Corbal en Pontevedra tivo por obxecto converter a antiga sede da Xunta na cidade nun espazo moderno, cómodo, accesible e versátil e contou cun investimento de 5,9M€

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe ao informe polo que se dá conta da posta á disposición da Fundación Moldes da planta oitava do edificio de Benito Corbal en Pontevedra. A concesión en favor da Fundación Manuel Moldes formalizarase en convenio de colaboración por un período de 20 anos prorrogables ata un máximo de 75 anos.

A planta 8ª queda totalmente rematada e á disposición da Fundación para o seu uso, unha vez se asine o convenio de colaboración que rexerá a concesión. Foi totalmente acondicionada cunha reforma estrutural para poder albergar os cadros de Manuel Moldes que, polas súas grandes dimensións, exixen dispoñer dun espazo con altura maior que a altura ordinaria das plantas do edificio para albergar os cadros. Ademais, a petición da Fundación Manuel Moldes instalouse unha iluminación específica e un sistema de videovixilancia. Pola súa banda, a obra conta coa licenza de primeira ocupación, así como da comunicación previa de inicio de actividade, polo que reúne as condicións para ser ocupada.

A Fundación Moldes foi declarada no ano 2020 de interese galego e se ordenou a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. Segundo establecen os seus estatutos, ten por obxecto ou fins principais: reunir, conservar, restaurar, difundir e estudar a obra do artista Manuel Moldes e o seu legado; promocionar a investigación e o estudo da figura e a obra de Moldes; contribuír á localización e catalogación da súa obra e reunir o seu patrimonio bibliográfico e documental.

A cesión da planta 8ª para o seu uso por parte da Fundación Manuel Moldes considérase axeitada, tendo en conta as súas características e a relación que tería este novo uso coa Universidade de Vigo. Trátase, concretamente, de dedicar esta planta a unha sala de exposicións permanente, outra sala temporal e un almacén para as albergar as obras xestionadas pola Fundación Manuel Moldes, pertencentes á colección do artista Manuel

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Moldes, recoñecido pintor e profesor da Facultade de Belas Artes de Pontevedra da Universidade de Vigo. Cabe lembrar que as plantas 5ª, 6ª e 7ª son obxecto de concesión demanial a favor da Universidade de Vigo.

Rehabilitación edificio Benito Corbal

A rehabilitación do edificio da rúa Benito Corbal en Pontevedra tivo por obxecto converter a antiga sede da Xunta de Galicia na cidade nun espazo moderno, cómodo, accesible e versátil para todos os usuarios. A rehabilitación do edificio xa permite dispoñer dun edificio enerxeticamente eficiente, ao utilizarse métodos e tecnoloxías enerxéticas eficientes, como caldeiras de biomasa para a calefacción, bombas de calor aire-auga, instalación solar fotovoltaica para xeración de electricidade, así como elevados niveis de illamento térmico e sistemas de iluminación eficientes.

Esta rehabilitación do edificio da rúa Benito Corbal en Pontevedra, contou cun orzamento total de case 5,9 M€.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA CONCEDEU MÁIS DE 2,3M€ O PASADO ANO AOS CONCELLOS DA DELEGACIÓN DE PONTEVEDRA AO ABEIRO DA ORDE DE INFRAESTRUTURAS, DO CANON EÓLICO E DOS COCHES PARA A POLICÍA LOCAL

- O Goberno galego financiou melloras das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais de 25 concellos que contaron cunha axuda de 813.626€
- Ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental, foron beneficiados 37 concellos
- No 2021 púxose en marcha unha nova liña de axudas na renovación das flotas de vehículos da policía local a que permitiu adquirir a través de rénting 7 vehículos

O Consello da Xunta deu conta hoxe do balance da orde de axudas á creación e mellora das infraestruturas de uso público, da orde do Fondo de Compensación Ambiental e da de axudas para a adquisición de vehículos mediante rénting para os corpos de Policía Local dos concellos da Delegación Territorial de Pontevedra o ano pasado, que suman 2,3 millóns de euros.

Grazas á orde de infraestruturas de uso público destinada ás subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, foron beneficiados 25 concellos que contaron cunha axuda de 813.626€.

A distribución dos beneficiarios desta liña por tipoloxía de proxectos na Delegación Territorial de Pontevedra pon de manifesto que as necesidades e demandas municipais prodúcense principalmente nos proxectos de construción ou mellora de edificios ou dependencias municipais, actuacións sobre parques infantís, instalacións deportivas de uso público, pavimentación dos camiños públicos municipais e proxectos de renovación das redes de luz pública, todas elas actuacións que contribúen á mellora da calidade de vida local.

Ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental, foron beneficiados 37 concellos. A través da liña competitiva do Fondo de Compensación Ambiental executáronse 20 proxectos por importe de 543.197 €. A liña non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental, permitiu executar 17 proxectos por importe de 739.750,94€.

No 2021 a Xunta de Galicia puxo en marcha unha nova liña de axudas atendendo a demanda dos concellos e co obxectivo de contribuír a redución da emisión de gases efecto invernadorio e afrontar os efectos do cambio climático, colaborando cos

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

concellos na renovación das flotas de vehículos da policía local a través dunha liña de axudas específica financiada a través do Fondo de Compensación Ambiental mediante que permitiu a 7 concellos da Delegación Territorial de Pontevedra adquirir a través de rénting 7 vehículos por importe de 230.177€.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA INVESTIU MÁIS DE 45M€ EN REACTIVAR E RECUPERAR O SECTOR TURÍSTICO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

- A través da posta en marcha da ducia de liñas de axuda, a sinatura de 28 convenios por parte de Turismo de Galicia e programas como "O Teu Xacobeo", o Goberno galego materializou un investimento na provincia de Pontevedra de máis de 13,6M€
- Os dous plans de rescate que puxo en marcha o Goberno galego para garantir a supervivencia do sector da hostalería supuxeron a maiores un investimento na provincia de máis de 31M€

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe de actuacións de fomento a través de Turismo de Galicia para a recuperación do sector turístico e da hostalería na provincia de Pontevedra, que se materializou o ano pasado nun investimento de algo máis de 45 millóns de euros, sumando as liñas de axudas habilitadas na provincia, os convenios asinados con diferentes entidades, os dous plans de rescate da Xunta e a incidencia de programas como *O Teu Xacobeo*.

No contexto producido pola irrupción da pandemia, a Xunta investiu máis de 120 millóns de euros para asegurar a supervivencia do sector ao tempo que se poñían en marcha medidas de choque para a súa recuperación e que se traduciron nos 90 millóns específicos para a hostalería investidos a través dos dous plans de rescate da Xunta e os 35,7 millóns do plan de choque para o reforzo do sector turístico investidos en 2021 no sector turístico.

O plan de choque recolleu diferentes liñas de axudas e convenios asinados con distintas entidades orientados a apoiar o sector turístico e a garantir a supervivencia dos subsectores máis castigados pola crise. No caso da provincia de Pontevedra, o Plan de choque de 2021 supuxo un investimento de 13,6 millóns, o 38% do investimento total do Plan de choque, incluíndo tamén os 2,3 millóns de euros do programa *O Teu Xacobeo*.

Do conxunto de 12 liñas de axuda postas en marcha durante 2021 por parte de Turismo de Galicia e que supuxeron un investimento de 31,2 millóns de euros para o conxunto de Galicia, a provincia de Pontevedra absorbeu 9,2 millóns, entre as que destacan o bono turístico, que supuxo un impacto económico na provincia de 3,2 millóns de euros, as axudas para a mellora das infraestruturas turísticas dos establecementos de aloxamento e restauración (1,3 millóns de euros) ou as subvencións para investimentos en equipamentos posCovid, da que se beneficiaron máis dun cento de establecementos turísticos por importe de máis de 1,4 millóns de euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

En canto ao programa *O Teu Xacobeo*, supuxo achegas por valor de 2,3 millóns de euros para apoiar 156 proxectos que se desenvolveron en concellos de toda a provincia. Por outra banda, asináronse un total de 28 convenios con diferentes entidades por 2,1 millóns de euros que estiveron vencellados co desenvolvemento turístico da provincia.

Finalmente, a provincia de Pontevedra beneficiouse dun investimento de 31,4 millóns de euros a través dos dous plans de rescate postos en marcha pola Xunta de Galicia, inversión que chegou a máis de 10.000 beneficiarios de establecementos de hostalería da provincia.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O PLAN XACOBEO NEXT GENERATION INVISTE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA MÁIS DE 15,2M€ NO IMPULSO DA ACTIVIDADE TURÍSTICA AO REDOR DO CAMIÑO

- O Consello da Xunta dou conta hoxe das actuacións que se levarán a cabo ao abeiro deste plan, entre os 8,1M€ para poñer en marcha 4 plans de sustentabilidade turística en sestino presentados por entidades locais, outros 4,5M€ destinados á rehabilitación de 7 bens de interese cultural (BIC) e 2,6M€ para a promoción da Ruta Xacobeia Mar de Arousa e Río Ulla
- No conxunto de Galicia, o plan está dotado con 39,2M€ co obxectivo de reactivar o turismo galego neste Ano Santo e inclúe 8,4M€ en accións de cohesión promovidas pola Xunta, 22,7M€ en actuacións en 12 BIC, incluíndo os 7 de Pontevedra, ademais dos 4 plans de sustentabilidade turística en destino
- A Xunta destaca a oportunidade histórica que supoñen os fondos europeos para dar a coñecer o Xacobeo 21-22

O Consello da Xunta deu conta hoxe do informe sobre o Plan Xacobeo Next Generation na provincia de Pontevedra que supón un investimento de 15,2 millóns de euros, case o 40% dos 39,2 millóns de euros que Galicia xestionará ao abeiro deste plan. Deste xeito, destinaranse 4,5 millóns a melloras de 7 bens de interese cultural (BIC), 2,6 millóns na Ruta Xacobeia Mar de Arousa e Río Ulla e 8,1 millóns en 4 plans de sustentabilidade turística en sestino presentados por entidades locais.

Por unha banda, dos 22,7 millóns de euros que Galicia recibirá no marco do Plan Xacobeo Next Generation para rehabilitar 12 bens de interese cultural (BIC), arredor de 4,5 millóns corresponden a melloras en 7 BIC da provincia pontevedresa. En concreto, os 1,4 millóns para a Illa de Ons, 1 millón na Ribeira do Lerez desde As Xunqueiras ata As Aceñas, 800.000 euros no arquipélago de Sálvora, 432.150 euros na Casa Museo Valle-Inclán de Vilanova de Arousa, 400.000 euros no cárcere vello de Tui, 300.000 euros nas Torres de Oeste de Catoira e 200.000 euros no Castelo de Santa Cruz da Guarda.

No resto da comunidade tamén se levarán a cabo melloras noutros monumentos como o castelo de Monterrei, o conxunto histórico-artístico de Mondoñedo, o parque do Pasatempo de Betanzos, a Torre de Hércules da Coruña e a paisaxe cultural da Ribeira Sacra.

Por outra parte, a provincia de Pontevedra beneficiarase de 2,6 millóns de euros dirixidos á promoción da Ruta Xacobeia Mar de Arousa e Río Ulla. Trátase dunha das dúas

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Accións de Cohesión en Destino (ACD) promovidas pola Xunta. Xunto a esta acción encamiñada a dar a coñecer a *Traslatio* para captar novos turistas e peregrinos inclúese outra cun investimento de case 5,7 millóns de euros para fomentar Galicia como destino de cicloturismo empregando as rutas xacobeas e a Rede Eurovelo e o Camiño de Santiago seguro en familia. En conxunto, suman 8,4 millóns de euros en dúas accións postas en marcha polo Goberno galego co obxectivo de reforzar Galicia como destino seguro.

Ademais, o Plan Xacobeo Next Generation conta con outros 8,1 millóns de euros para 4 Plans de Sustentabilidade Turística en Destino promovidos por entidades locais, precisamente todas elas de Pontevedra: os concellos de Vilagarcía de Arousa e Oia, a Mancomunidade do Salnés e a Deputación de Pontevedra.

Por tanto, entre os 22,7 millóns que se investirán na rehabilitación de 12 BICS da comunidade, os 8,4 millóns nas 2 ACD promovidas pola Xunta e os máis de 8,1 millóns dos 4 Plans de Sustentabilidade Turística en Destino de entidades locais, Galicia contará con 39,2 millóns de euros de fondos europeos cos que consolidar a recuperación turística da comunidade e aproveitando a celebración deste Ano Santo Dobre.

Os fondos europeos supoñen unha oportunidade histórica para dar a coñecer o Xacobeo 21-22, un evento internacional no que a Xunta investiu máis de 171 millóns de euros entre 2021 e este 2022 na súa organización.

Ademais, cómpre lembrar que o Ano Santo será o motor da recuperación económica e o ano pasado Galicia estivo de moda e liderou a recuperación turística de España grazas ao reforzo da comunidade como destino seguro co apoio ao sector, medidas pioneiras como o bono turístico ou o seguro coronavirus ou a promoción con campañas como *Camiña a Galicia*.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA ASPIRA A CONVOCAR EN 2022 AXUDAS POR MÁIS DE 128M€ PARA FAVORECER O AFORRO ENERXÉTICO E O USO DE ENERXÍAS RENOVABLES EN FOGARES E EMPRESAS

- A Xunta conta actualmente cun total de 90M€ e agarda poder incorporar ao longo do ano outros 38M€ entre recursos propios e do Estado
- O fomento do autoconsumo, a instalación de proxectos con renovables, a busca de melloras tecnolóxicas que contribúan a unha maior eficiencia, así como a renovación de electrodomésticos e vehículos son as principais propostas da Xunta de Galicia
- O Executivo autonómico contribúe así a avanzar na transición enerxética e, á vez, trata de paliar os efectos da suba de prezos enerxéticos e combustibles que está afectando o tecido empresarial e as familias galegas, á espera de que o Goberno central aprobe dunha vez medidas que realmente axuden a corrixir esta situación
- Nas próximas semanas activarase unha liña de apoios para a instalación de proxectos renovables para usos térmicos -biomasa, xeotermia, hidrotermia, aerotermia e solar térmica- nos sectores económicos galegos, ademais de lanzar unha nova convocatoria do Bono Enerxía Peme para a instalación de equipamento eficiente
- Aberto xa o prazo de solicitudes para o programa Galicia Renova Electrodomésticos, con axudas de ata 450 euros para que os fogares con menos recursos poidan adquirir aparellos máis eficientes

O Consello da Xunta avaliou na reunión desta mañá as liñas de axuda que xa ten programadas ou en execución para este ano e ás que se poden acoller os fogares e as empresas galegas co obxectivo de promover o aforro enerxético e o uso de renovables para seguir construíndo unha Galicia máis verde. En total, as medidas aprobadas suman 90M€ aínda que a Administración autonómica agarda poder incorporar ao longo do ano outros 38M€ entre recursos propios e fondos do Estado.

O obxectivo é seguir apoiando o proceso de transición enerxética no que o Goberno galego leva tempo traballando, apostando por novas enerxías máis eficientes, á vez que se trata de paliar os efectos que a suba de prezos enerxéticos e de combustibles, agravado polo conflito en Ucraína, está tendo no tecido empresarial e na economía doméstica. Neste sentido, a Xunta agarda que o Executivo central se sume a este reto e aprobe dunha vez medidas que realmente contribúan a corrixir esta situación, que prexudica de xeito especial a familias, pemes, autónomos e á industria.

Por unha banda, o Goberno galego aspira a contar cun tecido empresarial máis sustentable, a través do Plan de aforro enerxético en industria e pemes que conta

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

actualmente cun total de cinco liñas e un orzamento inicial de 65M€. Por unha banda, apoiaranse proxectos de eficiencia enerxética no sector industrial dirixidos a introducir melloras tecnolóxicas que permitan reducir o consumo enerxético nos procesos industriais. Reservaranse 30,7M€ para proxectos cun investimento mínimo de 100.000 euros e 5 millóns para iniciativas con investimentos a partir de 10.000 euros.

Un segundo aspecto que se reforzará será a eficiencia enerxética no sector agropecuario, co impulso de melloras tecnolóxicas que reduzan consumos e que permitan rebaixar os custos enerxéticos neste eido. Esta liña conta con 1,6 millóns.

En terceiro, lugar, a Xunta mantén aberta a convocatoria de proxectos de autoconsumo eléctrico que pretenden favorecer a implantación de enerxías renovables nas empresas dos diferentes sectores produtivos. Esta liña conta cun crédito de 19,8M€ do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia pero a Administración autonómica xa solicitou do Goberno do Estado duplicar esta cantidade ante a gran demanda de solicitudes.

En próximas semanas a Administración autonómica activará unha nova liña de axudas, por importe de 6,1M€, destinada á instalación de proxectos renovables para usos térmicos -biomasa, xeotermia, hidrotermia, aerotermia e solar térmica- nos distintos sectores económicos galegos.

Finalmente, a Xunta de Galicia contará cunha nova convocatoria do Bono Enerxía Peme, co obxectivo de destinar 2M€ para a instalación de equipamento eficiente (iluminación, climatización ou domótica, por exemplo) por parte dos sectores vinculados ao comercio, hostalería, salóns de peiteado, actividades artístico-lúdicas e deportivas.

Máis de 25 millóns dirixidos ás familias galegas

Á súa vez, a Xunta dispón dun Plan de aforro enerxético para os fogares galegos dotado con 25M€ co que se pretende paliar o impacto que a suba dos prezos enerxéticos e dos carburantes está tendo na economía familiar. Así, onte mesmo abriuse o programa Galicia Renova Electrodomésticos, cun total de 2M€ e axudas de ata 450 euros para os fogares con menos recursos para que poidan levar a cabo a renovación dos seus electrodomésticos por outros máis eficientes.

A Xunta tamén abriu unha liña de axudas para favorecer a implantación de proxectos de biomasa que substitúan o gas e o gasóleo por un recurso autóctono. A convocatoria, que reservaba 1,5M€, esgotouse nas primeiras horas, obrigando a abrir unha lista de agarda, polo que a Xunta está estudando duplicar o crédito para cubrir a demanda.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Tamén no ámbito familiar está aberta a liña para favorecer o autoconsumo eléctrico a través de proxectos renovables que contribúan a reducir os custos na factura eléctrica. Destínanse 11,5M€ pero agárdase que o Estado atenda a petición da Xunta para duplicar o orzamento. Por outra banda, continúa aberta a liña para impulsar proxectos renovables para a subministración de calefacción e auga quente, cun orzamento de 5,68M€, e tamén xa se solicitou ao Goberno central poder duplicar esta cantidade.

Finalmente, a Xunta abre a principios de ano o Plan Renove Automoción (2,5M€) para contribuír á substitución do parque automobilístico por vehículos máis eficientes e con menos consumo de combustibles. Agora, a Administración autonómica suma outros 2M€ para chegar, deste xeito, a máis beneficiarios. En concreto, a previsión é cubrir ao redor de 740 novas solicitudes que se sumarían ás 900 que xa obtiveron axudas.

Os apoios do Renove Automoción oscilan entre os 3000 e os 4000 euros segundo o tipo de vehículo -a Xunta de Galicia achega 2000 e 3000 euros, respectivamente, e o concesionario 1000 euros-. Cómpre lembrar que esta contía increméntase nun 20 por cento para as familias numerosas, polo que as axudas poden alcanzar os 3400 e 4600 euros.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA COMPLETA UN IMPORTANTE PAQUETE DE MEDIDAS PARA PALIAR A ALZA DE PREZOS E ACHEGAR LIQUIDEZ ÁS EMPRESAS

Ás medidas aprobadas a semana pasada súmanse outras no ámbito empresarial, enerxético, agrario e turístico

A Xunta vén de completar un importante paquete de medidas para paliar as consecuencias da alza de prezos e achegar liquidez ás empresas. O Consello da Xunta aprobou hoxe novas medidas no ámbito empresarial, enerxético, agrario e turístico que se suman ás xa tomadas a semana pasada.

No ámbito do financiamento ao tecido empresarial, activaranse dúas liñas que suman un investimento de 70 millóns de euros, o que permitirá unha mobilización final de 140 millóns de euros.

En concreto, para axudar ás pequenas e medianas empresas afectadas polo incremento dos prezos en determinados sectores e produtos, vaise lanzar unha nova liña de avais do Igape destinada a cubrir necesidades de liquidez e realizar investimentos en elementos produtivos que axuden a facer fronte aos efectos negativos provocados polo conflito. Por outra banda, activarase un programa de préstamos directos para a industria manufactureira que está a sufrir un maior impacto.

Adicionalmente, habilitaranse mecanismos para flexibilizar a devolución dos préstamos directos da Xunta ou avais a través de sociedades de garantía recíproca (SGR) ás empresas que xa contan cos mesmos e que agora atravesan por dificultades.

Eido enerxético

No eido enerxético, destinaranse dous millóns de euros ao Bono Enerxía Peme, dirixido a comercios, hostalería e pequenas e medianas empresas, con axudas de ata 6000 euros e que cubrirán ata o 80% do investimento en equipamentos que reduzan o consumo enerxético.

Para axudar ás familias a facer fronte á factura da luz, a Xunta conta con medidas que xa están en marcha que suman 25 millóns de euros en axudas, polo que desde Galicia se agarda que o Goberno acepte a solicitude para duplicar o impulso ao autoconsumo eléctrico e as renovables térmicas nos fogares galegos (para calefacción e auga quente) acadando un total de apoios que supera os 40M€ neste eido.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Por outra banda, súmase unha ampliación do programa Renove Automoción, unha liña aberta a principios de ano con gran éxito e á que se engaden 2 millóns de euros (o crédito inicial era de 2,5M€) para seguir fomentando a compra de vehículos eficientes.

Con este incremento orzamentario, a previsión é cubrir ao redor de 740 novas solicitudes que se sumarían ás 900 que xa obtiveron axudas e que oscilan entre os 3000 e os 4000 euros segundo o tipo de vehículo (trátase de apoios nos que a Xunta achega 2000 e 3000 euros, respectivamente, e o concesionario 1000). Cómpre lembrar que esta contía pode incrementarse nun 20 por cento para as familias numerosas, polo que as axudas poden alcanzar os 3400 e 4600 euros.

Agro

En relación co agro, a Xunta insta ao Goberno central a deseñar conxuntamente coas comunidades autónomas un paquete de axudas directas destinadas ao conxunto do sector gandeiro español, especialmente para o vacún de carne e de leite, tendo en conta á hora da súa distribución non só a importancia económica desta gandería en Galicia senón tamén o importante número de explotacións que contribúen a dinamizar e vertebrar o noso rural.

Así, tras o anuncio da Comisión Europea de que España recibirá 64,5 millóns de euros do fondo de crise para apoiar a gandeiros e agricultores, úrxese ao Estado a comprometerse a achegar outra cantidade similar asegurando que as comunidades deben facer o propio entre todas. Neste caso, a Xunta comprométese a apoiar este sector fundamental coa cantidade que se acorde e corresponda a cada autonomía.

A maiores, cabe destacar que a Xunta creará o Observatorio da cadea alimentaria galega como organismo emisor de informes sobre a situación económica dos diferentes ámbitos do sector primario galego, e a Axencia de Información e Control Alimentario de Galicia para dar cumprimento ás obrigas da Lei da cadea alimentaria, singularmente a prohibición da venda a perdas. Para isto último, cómpren medios técnicos e orzamentarios provenientes do Ministerio, ao supoñer asumir unha competencia súa. Tamén se porá en marcha o Observatorio lácteo, onde se escenificará a relación entre os elos desta cadea de valor.

Turismo

No ámbito turístico o sector vese afectado pola subida dos custos enerxéticos e o aumento dos prezos dos produtos, ademais dos prexuízos para as axencias de viaxe que traballan en destinos afectados polo conflito de Ucraína. Para paliar estes efectos, a Xunta vén de publicar unha nova edición do Bono Turístico por 1,5 millóns de euros para inxectar liquidez ao sector a través do consumo interno, aos que se suman outros 7,8 millóns de euros que Galicia recibirá de fondos europeos Next Generation e se destinarán a unha convocatoria de axudas para a mellora da eficiencia enerxética de empresas turísticas contribuíndo así a minorar os seus custos enerxéticos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ademais, o pasado febreiro o Goberno galego xa publicou unha orde de axudas de 2 millóns de euros destinadas á mellora dos establecementos turísticos que inclúe, entre outras actuacións, melloras relacionadas coa dixitalización e a eficiencia enerxética.

No caso do bono turístico, cómpre lembrar que na anterior convocatoria permitiu inxectar 7,6 millóns de euros ao turismo galego, sobre todo nos meses de menor actividade. De feito, se nas primeiras 12 horas da edición do 2021 foron en torno a 10.000 as solicitudes, este ano xa se superaron as 20.000. Nesta ocasión as tarxetas poderán empregarse todo o ano agás no verán co obxectivo precisamente de favorecer a desestacionalización e apoiar ao sector nos meses de menor actividade grazas ás estancias dos galegos aos que se lles ofrece a oportunidade de coñecer Galicia.

Medidas xa adoptadas

Entre as medidas xa adoptadas, está a axilización do lanzamento do Bono social térmico para axudar aos fogares a afrontar os gastos de calefacción, auga quente e cociña, que se intensificaron nos últimos meses. Nesta liña, aprobouse tamén un complemento extraordinario de 100 euros para reforzar a contía de Bono Social Térmico.

Para reafirmar o apoio ao sector primario, Galicia pide que por parte do Banco de España ou da autoridade comunitaria competente se autorice ás entidades financeiras unha moratoria dun ano na amortización dos préstamos a longo prazo que teñan vivos os gandeiros. Esta medida viría sumarse aos anticipos da PAC por un importe de 200 millóns de euros anunciados a semana pasada desde o Goberno galego, e á apertura de liñas de crédito para poder atender compras de circulante, por parte dos gandeiros, avaladas pola Xunta. Para esta operación, dispórase dunha liña de avais para chegar ata os 25 millóns de euros de préstamos.

No ámbito marítimo-pesqueiro, o Consello aprobou o establecemento de medidas para compensar o importe de taxas portuarias correspondentes a un período de alo menos dous meses nos peiraos de competencia autonómica. Tamén no eido relacionado co mar e, seguindo a mesma liña de xestión realizada durante a pandemia da covid-19, acordouse axilizar o abono das axudas concedidas aos axentes do sector a través das diferentes ordes de achegas convocadas polo Goberno autonómico.

No ámbito do transporte a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade realizará unha achega extraordinaria de algo máis de 3,5 millóns de euros para blindar o transporte público por estrada en Galicia fronte á suba exponencial do prezo dos carburantes.

A Xunta adopta medidas inmediatas, no eido das súas competencias, para asegurar a prestación dun servizo público esencial aos cidadáns, garantindo cada día a miles de persoas o acceso á sanidade e á educación públicas e aos centros de traballo,

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

especialmente no rural, e para dar certezas a un sector que emprega a miles de traballadores.

Mediante esta achega extraordinaria de fondos trátase de paliar un déficit do 35%, que sofre o sector, xa que as 127 concesións de transporte interurbano de responsabilidade da Xunta foron contratadas cunhas condicións de prezo do combustible a 1,2 €/litro, que hoxe só cubre o 65% do custo.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PECHA O MEMORANDO DE ENTENDEMENTO QUE ASINARÁN AS ENTIDADES QUE DESEXEN SUMARSE Á ALIANZA GALEGA POLO CLIMA

- Os signatarios comprometeranse a establecer medidas orientadas á adaptación ou mitigación do cambio climático, promover e apoiar a investigación, e acelerar o desenvolvemento de tecnoloxías para avanzar nos sistemas de baixas emisións
- No marco desta alianza, fixaranse e consensuaranse anualmente as propostas para resolver as principais ameazas da comunidade; e identificaranse os factores e brechas que obstaculizan a acción contra este fenómeno global
- O paso á acción da Xunta está a dar os seus froitos: a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia xa é dun 35,9% respecto ao ano 1990

A Xunta presentou esta mañá o Memorando de entendemento que deberán asinar todas aquelas entidades que desexen sumarse á Alianza Galega polo Clima, promovida e impulsada o Goberno autonómico.

Trátase dunha adhesión voluntaria e aberta coa que a Xunta busca implicar a organizacións dispostas a avanzar na mellora do ambiente: empresas e asociacións profesionais e sindicais que queiran aproveitar a oportunidade deste compromiso ambiental para visualizar a súa forma de producir responsable; ONG ambientais e organizacións da sociedade civil que queiran achegar a súa experiencia; así como as administracións públicas e organizacións científicas e académicas que acheguen os seus coñecementos na mellora das prácticas medioambientais.

Así, as partes, tendo en conta as súas responsabilidades comúns e o carácter específico dos seus obxectivos, asumen como compromiso realizar unha aproximación ou avaliación do impacto ambiental e climático derivado da súa actividade; establecer accións e medidas orientadas á adaptación ou mitigación do cambio climático; promover e apoiar a cooperación e o intercambio; e desenvolver as liñas estratéxicas que se propoñan no seo da Alianza polo clima.

Na semana na que se celebra o Día mundial do clima e A Hora do Planeta, o vindeiro sábado 26 de marzo, o Consello da Xunta foi informado do contido deste Memorando, que tamén recolle como obrigas promover e apoiar a investigación científica, tecnolóxica e socioeconómica e acelerar o desenvolvemento e a difusión de tecnoloxías para avanzar na transición cara á sistemas de enerxía de baixas emisións.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Coa sinatura, os membros comprométense a protexer o sistema climático en beneficio das xeracións presentes e futuras, e a tomar medidas de precaución para prever, previr ou reducir ao mínimo as causas do cambio climático e fomentar a resiliencia.

Alianza Galega polo Clima

O Goberno galego asumiu o reto de impulsar a Alianza Galega polo Clima para coordinar todas as accións que se desenvolvan na Comunidade, e multiplicar os seus beneficios, para mitigar os efectos do cambio climático. É unha ferramenta incluída na Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, creada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

No marco desta Alianza, fixaranse e consensuaranse anualmente as propostas para resolver as principais ameazas da Comunidade; e identificaranse os factores e brechas de coñecemento e xestión e que obstaculizan a acción contra este fenómeno global.

Para estes fins, a Xunta prevé a creación dun Comité de seguimento, que será o órgano de decisión, e será o encargado de decidir anualmente a temática de actuación conxunta de todas as entidades adheridas, con independencia de quen as execute. Tamén se encargará de examinar periodicamente os compromisos das partes e de facilitar o intercambio de información sobre as medidas.

Así mesmo, tamén se creará unha oficina técnica, que será a unidade de apoio á xestión, polo que proporcionará coñecementos técnicos e axuda, asegurará a coordinación necesaria con iniciativas similares de fóra de Galicia, e xestionará as altas e baixas das entidades e organizacións. Ademais, impulsarase un Grupo de traballo de asesoramento científico e tecnolóxico.

Galicia, á vangarda

A Xunta leva anos impulsando unha acción climática coa que poñer a Galicia no estandarte das rexións activas na mitigación dos efectos do cambio climático, desde varias fontes. No eido normativo, aprobou a Lei de residuos, que se completará coa primeira Lei do clima de Galicia, e no operativo, redactou a Estratexia de economía circular e a citada Estratexia de cambio climático, ademais de ser a coordinadora na Comunidade do Pacto das Alcaldías.

Esta paso á acción está a dar os seus froitos: a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia situouse en 2020 xa nun -35,9% respecto de 1990 —ano de referencia—, mantendo a diferenza co conxunto de España (-5,3%) en 30 puntos porcentuais, segundo os datos publicados este mes. En 2019 a baixada era dun -23,8%.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Galicia é unha das tres comunidades autónomas que máis diminuíu as súas emisións respecto de 1990 e, de feito, o seu peso no total das emisións do Estado foise diminuindo ao longo da serie histórica, pasando de representar en 1990 o 10% do total, ao 8,1% en 2005, e agora en 2020 o 6,8%.

En 2020 emitíronse en Galicia 18,60 millóns de toneladas de CO₂, o que representou unha redución de 2,97 millóns respecto do ano anterior. A variación interanual representa unha diminución do 13,8%; mentres que en España a redución foi dun 12,5%.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITARÁ NO VINDEIRO TRIMESTRE A REDACCIÓN DO PROXECTO DE 76 NOVAS VIVENDAS PÚBLICAS EN PONTEVEDRAS QUE INVESTIRÁ MÁIS DE 10,4 M€

- Proximamente tamén se convocará o concurso de solo residencial, no que se ofertarán dúas parcelas do mesmo barrio, Valdecorvos, nas que se prevé a construción de 104 vivendas protexidas
- O tecido empresarial da provincia dispón de 12 parcelas no parque empresarial da Reigosa e contará con 43 máis na Central de Transportes de Ponte Caldelas, en ambos casos con prezos bonificados

A Xunta prevé licitar no vindeiro trimestre a redacción do proxecto construtivo e dirección de obra de 76 novas vivendas de promoción pública (VPP) na cidade de Pontevedra, no barrio de Valdecorvos, unha actuación directa do Goberno galego que implicará o investimento de máis de 10,4 millóns de euros para a súa materialización.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda está a ultimar a tramitación necesaria para publicar nas próximas semanas na Plataforma de contratos públicos esta licitación, por un importe de algo máis de 640.000 €.

Así mesmo, outra das iniciativas para esta zona de Pontevedra é a próxima convocatoria do concurso de venda de solo residencial da Xunta, no que se ofertarán dúas parcelas nas que se prevé a construción de 104 vivendas de protección autonómica (VPA). Entre ambas suman máis de 4.000 m² edificables.

Estas dúas actuacións súmanse ás realizadas en Valdecorvos, onde a Xunta conta desde hai anos con solo residencial urbanizado. A iniciativa máis relevante foi a construción de 132 vivendas de promoción pública, cun investimento que superou os 14 millóns de euros, e que foron entregadas aos seus adxudicatarios en 2016.

Por outra banda, no relativo ás parcelas vendidas a promotores e cooperativas, nunha delas foron construídas 56 VPA que xa están habitadas; noutra hai 11 VPA en construción; e as tres restantes, nas que se prevé levantar 69 VPA, están a espera da licenza municipal para ser executadas.

Así mesmo, a Xunta rehabilitou o inmovible da súa propiedade situado na rúa Alemaña de Monte Porreiro, cun investimento de máis de 178.000 euros, obtendo 3 VPP que foron entregadas aos seus adxudicatarios hai case un ano.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Polo tanto, os proxectos da Xunta están a permitir o aumento do parque de inmobles de Pontevedra, cun total de novas 451 vivendas protexidas entre as construídas, rehabilitadas e proxectadas: 211 VPP, cun investimento público de 24,6 millóns de euros, e 240 VPA, tal e como se recolle no informe presentado esta mañá no Consello da Xunta, celebrado na cidade do Lárez.

Cómpre lembrar, por último, que tamén en Monte Porreiro se investiron en 2019 case 530.000 euros na obra de rehabilitación en materia de eficiencia enerxética de 79 VPP, xa habitadas, situadas na rúa Bélxica.

No caso da parcela cedida de balde pola Xunta ao Concello —pola cesión obrigatoria do 10% do aproveitamento urbanístico—, que estaba prevista para a construción de 54 VPA, finalmente foi destinada polo ente municipal a aparcadoiro de automóviles.

Solo empresarial en Pontevedra

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda tamén promove solo industrial para facilitar o asentamento de empresas nesta cidade e na súa contorna, entre as que destacan dúas actuacións.

Despois da venda do 100% do solo dispoñible no polígono do Campiño en Pontevedra, o Goberno galego impulsou ao carón un novo parque empresarial, o da Reigosa, en Ponte Caldelas, que abarca unha superficie de 493.096,67 m².

Na actualidade, hai 12 parcelas dispoñibles cunha superficie de 100.795,22 m², que se poden adquirir no marco do concurso para venda de solo empresarial convocado pola Xunta en febreiro ou, unha vez remate o próximo 30 de marzo, de forma directa, en ambos os casos cunha bonificación do 30%.

Así mesmo, o tecido empresarial da provincia poderá instalarse na Central de Transportes de Ponte Caldelas, despois de que a Xunta modificara o plan sectorial deste ámbito, de preto de 87.000 m².

Este cambio implica abrir os usos permitidos neste ámbito, limitados ata o de agora aos loxísticos —xa que foi concibido como unha central de transportes—, aos usos industriais e terciarios habituais dos parques empresariais. O parque organizarase en 43 parcelas cunha dimensión mínima de 450 m² e máxima de case 1.000 m².

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINARÁ MÁIS DE 14 M€ A UN CONXUNTO DE OBRAS DESTINADAS A FOMENTAR A MOBILIDADE SUSTENTABLE EN PONTEVEDRA E NOS CONCELLOS DA SÚA CONTORNA

- As intervencións enmárcase nos proxectos promovidos pola Xunta ao abeiro dos fondos Next Generation para fomentar a mobilidade sustentable nas cidades galegas
- Impulsarase a transformación integral da estrada PO-546, a estrada vella entre Marín e Pontevedra, desenvolvendo un eixe de mobilidade sustentable no que se prime os peóns, os ciclistas e o transporte público cun investimento de máis de 6 M€
- Mellorarase a seguridade e a mobilidade na contorna do CEIP de Xeve, actuando nas estradas PO-224 e PO-223; e na PO-542 executarase un itinerario peonil seguro para conectar a zona de Marcón e Pazos, cun investimento conxunto de 3,6 M€
- Prevense 4 aparcadoiros con 410 prazas aos que se destinarán 1,8 M€: un disuasorio na contorna das estradas PO-546 e PO-12 e outros tres co sistema 'carpooling', que faciliten o compartir coche, nos accesos ás vías de altas prestacións de titularidade da Xunta en Marín, Sanxenxo e Vilagarcía de Arousa
- Impúlsase a mellora de 98 paradas de autobús do transporte público interurbano situadas en vías autonómicas que dan acceso a Pontevedra desde a contorna inmediata e tamén desde outros concellos da área, cun investimento de 2,9 M€
- O Goberno galego promove, a través dos fondos europeos, actuacións de mobilidade sustentable como as estacións intermodais, os aparcadoiros disuasorios, sendas ou a mellora das paradas de autobús nas estradas autonómicas

A Xunta impulsará actuacións de mobilidade sostible entre Marín e Pontevedra e tamén en Xeve e en Marcón, ademais de prever 4 aparcadoiros e a mellora de 98 paradas de autobús na cidade de Pontevedra e a súa contorna, cun investimento de 14,4 millóns de euros.

Este conxunto de actuacións, que foron abordadas hoxe no Consello da Xunta, enmárcanse no programa europeo dos Fondos Next Generation e teñen como obxectivo favorecer a mobilidade sustentable en Pontevedra e na súa área de influencia, fomentando a diminución de emisións de gases a atmosfera.

A proposta da Xunta prevé, en primeiro lugar, a transformación integral da estrada PO-546, a estrada vella entre Marín e Pontevedra, executando un eixe de mobilidade

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

sustentable no que se prime a peóns, ciclistas e transporte público. Esta liña de actuación suporá un investimento de máis de 6 millóns de euros.

No treito inicial da estrada, entre Mollabao e Os Praceres, a funcionalidade da mobilidade interurbana canalízase, agora mesmo nesa zona, a través das vías PO-11 e PO-12 e, en consecuencia é posible actuar na PO-546 con intervencións ambiciosas que permitan mellorar a funcionalidade da estrada neste treito, cun deseño máis orientado ao tránsito de peóns e ciclistas e do transporte público.

Esta actuación iniciarase no comezo da estrada PO-546 en Mollabao, no punto quilométrico 0+620, no lugar no que o Concello de Pontevedra desde hai anos está a promover unha actuación de conexión da PO-12 e a PO-546. Precisamente, a través desta vía e de modo coordinado co proxecto da vía existente, conectarase a nova senda peonil e ciclista da PO-546 coa que xa hai na propia PO-12.

Entre outras actuacións previstas, acometerase a ampliación da plataforma da PO-546, habilitando, pola marxe dereita da estrada na maior parte do percorrido, un espazo peonil e outro ciclista, bidireccional e segregados. Nas zonas de vivendas habilitarase unha beirarrúa pola marxe esquerda da estrada. Ademais, entre os puntos quilométricos 2+200 e 2+600 propónse a execución dunha pequena variante, para evitar o estreitamento actual da vía pola presenza de vivendas. Tamén se mellorarán as paradas de transporte público, favorecendo a mobilidade en autobús entre Marín e Pontevedra, e renovarase a iluminación no treito de actuación.

A Xunta impulsará, ademais, a mellora da estrada PO-546 nos seus treitos máis urbanos, en Estribela e Marín. Neste caso, para unha primeira fase da actuación, a Xunta xa ten redactado o proxecto e sometido a información pública. Os traballos consisten na reurbanización completa da estrada PO-546 no treito de actuación, dando un maior protagonismo aos peóns e procurando o calmado de tráfico.

Para iso, modificarase a sección transversal da estrada, ampliando as beirarrúas ata os 2 metros para favorecer os desprazamentos a pé e a accesibilidade; ampliarase tamén a estrada nalgún punto para gañar seguridade; mellorarase a iluminación; habilitaranse pasos de peóns sobreelevados con iluminación específica e intelixente; e melloraranse as paradas de autobús, incluíndo a renovación das marquesiñas.

Nunha segunda fase dos traballos, esta intervención completarase actuando nos treitos da PO-546 entre o final da actuación de Estribela e o límite municipal co concello de Marín, e no treito da estrada autonómica denominado Concepción Arenal en Marín, que resta por humanizar, entre a rotonda de Áncoras e o parque Eguren.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Outra da actuacións previstas polo Goberno galego para o fomento da mobilidade sustentable executaranse nas estradas PO-223 e PO-224 en Santo André de Xeve. Estas intervencións conxungan as propostas recollidas no Plan de sendas de Galicia para a estrada PO-223 e a proposta desenvolvida por Stop Accidentes e a comunidade escolar para a mellora da seguridade viaria e da mobilidade na contorna do CEIP de Xeve, que suporán un investimento global de 2,2 millóns de euros.

Na estrada PO-224 habilitarase unha senda de 400 metros na contorna inmediata do CEIP Santo André de Xeve, que conectará o núcleo do Sobral co colexio.

Tamén se reordenará o espazo público na intersección das estradas PO-224 e PO-223, na contorna inmediata do centro educativo: reordenando e ampliando zonas de aparcadoiro; ampliando a zona de aparcadoiro de buses actual e incorporando prazas para o profesorado e empregados do centro; e habilitando un *'kiss and ride'* para facilitar a baixada e recollida dos alumnos de xeito seguro.

Na estrada PO-223 executarase unha senda de uso peonil e ciclista de 2 quilómetros de lonxitude, realizaranse modificacións puntuais de trazado para xerar espazo na marxe dereita para poder encaixar a senda; mellorarase as principais interseccións; delimitarase as paradas de autobús en ambas as marxes; e habilitarase un pequeno treito de senda na glorieta da intersección desta estrada coa vía a Monteporreiro, atendendo á solicitude do colectivo ciclista Pedaladas.

Por outra banda, o Goberno galego destinará case 1,4 millóns de euros á execución dunha senda na estrada PO-542, recollida no Plan de sendas de Galicia para a comarca de Pontevedra. Coa execución destes traballos, que tamén prevén a execución dunha nova glorieta na intersección que dá acceso á igrexa e ao cemiterio, os usuarios poderán acceder camiñando de modo seguro á capitalidade do concello de Pontevedra desde os núcleos da Ermida, Pazos e Marcón.

Aparcadoiro disuasorio e *carpooling*

En segundo lugar, a proposta abordada hoxe no Consello da Xunta prevé catro aparcadoiros con arredor de 410 prazas, que suporán un orzamento de 1,8 millóns de euros.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a avaliar a posibilidade de construír un aparcadoiro disuasorio con aproximadamente 250 prazas na contorna das estradas PO-546 e PO-12.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Estes aparcadoiros en zonas próximas ás principais vías de entrada ás cidades e conectados co transporte público contribúen a minimizar a necesidade de acceder en vehículo privado e, por conseguinte, á implantación de zonas de baixas emisións.

A proposta tamén recolle a execución de tres aparcadoiros para 'carpooling', nos accesos á vía de altas prestacións VG-4.4 en Marín, na VG-4.1 en Sanxenxo e na VG-4.3 en Vilagarcía de Arousa que, no seu conxunto, sumarían aproximadamente 160 prazas de aparcadoiro.

Esta modalidade permite que as persoas que se queiran dirixir á cidade de Pontevedra se poidan agrupar para realizar a viaxe nun só vehículo, de xeito que se eviten percorridos innecesarios e se reduza o custo da mobilidade.

Estes aparcadoiros, ademais de estar conectados á rede de transporte público, tamén poderán dispoñer de puntos de recarga eléctrica, de alugueiro de bicicletas, zonas verdes e outros sistemas de redución de gases de efecto invernadoiro.

Mellora de 98 paradas de autobús

O terceiro eixe da proposta consiste na mellora de 98 paradas de autobús nas liñas de transporte público interurbano, situadas en estradas autonómicas que dean acceso á cidade de Pontevedra desde a contorna inmediata e tamén desde outros concellos como Vilagarcía de Arousa, Meis, Barro, Sanxenxo, Cambados, Poio, Marín, Ponte Caldelas, Catoira, Campo Lameiro, O Grove, A Lama, Meaño e Forcarei. A esta liña de traballo achegárase un investimento autonómico de 2,9 millóns de euros.

As intervencións suporán a mellora do equipamento da parada, como as marquesiñas, os postes ou os bancos; e da accesibilidade para persoas con mobilidade reducida, con ramplas, información en braille ou pavimento con tacto visual. Tamén se mellorará a sinalización e a seguridade, co reforzo da iluminación e da visibilidade.

Para acadar estes obxectivos, será preciso un importante esforzo de enxeñaría de detalle, dado que para cada caso será necesario avaliar funcionalidade, topografía, servizos que se poidan ver afectados e a posible necesidade de expropiar terreos para conseguir unha mellor configuración do apartadoiro e do refuxio.

Fondos Next Generation

O Goberno galego, ao abeiro dos fondos europeos Next Generation, está a traballar no obxectivo do fomento dunha mobilidade sostible nas cidades galegas, a través de diversas liñas de actuación.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Neste sentido, a Xunta impulsa as estacións de autobuses intermodais de Lugo, da Coruña e de Ferrol, dando así continuidade ao desenvolvemento destas infraestruturas do transporte noutras cidades como Santiago e Ourense, onde xa están en servizo, e en Pontevedra e Vigo, próximas ao seu remate.

O Executivo autonómico tamén proxecta a mellora de paradas de autobús en estradas autonómicas co fin de facer máis competitiva a oferta dos servizos de transporte público colectivo nas contornas metropolitanas de Galicia

Outra liña de acción correspóndese coa dotación de aparcadoiros disuasorios en zonas próximas ás vías de entrada ás cidades e conectados coa rede de servizos de transporte público, de tal forma que se minimize o acceso en vehículo privado.

A Xunta tamén proxecta sendas metropolitanas peonís e ciclistas na contorna das 7 grandes cidades galegas. Trátase de itinerarios na contorna das vías de entrada ás cidades, de conexión de equipamentos públicos de interese, como as estacións intermodais, os hospitais ou os centros administrativos.



COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



Estado actual e transformado da PO-546 en Estribela (fase 1)



Reordenación na contorna do CEIP de Xeve, prevista no proxecto

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n
15704, Santiago de Compostela
T. 981 541 238 / 42 / 51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal